

ESTREA EN NUMAX: 23.04.2018 | V.O.S.E. | TP

The Bookshop (2017, 115')

Dirección: Isabel Coixet

Guión: Isabel Coixet (Novela: Penelope Fitzgerald)

Elenco: Emily Mortimer, Patricia Clarkson, Bill Nighy, Honor Kneafsey, James Lance, Harvey Bennett, Michael Fitzgerald, Jorge Suquet, Hunter Tremayne, Frances Barber, Gary Piquer, Lucy Tillet

Son: Enrique G. Bermejo, Albert Gay

Montaxe: Bernat Aragonés

Vestuario: Mercè Paloma

Dirección de arte: Marc Pou

Música: Alfonso de Vilallonga

Fotografía: Jean-Claude Larrieu

Produtoras: Green Films, A Contracorriente Films, Diagonal Televisión, Zephyr Films, ONE TWO Films (Reino Unido, España, Alemaña)

Distribuidora: A Contracorriente

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Nadie quiere la noche, 2015

Ayer no termina nunca, 2013

Mapa de los sonidos de Tokio, 2009

La vida secreta de las palabras, 2005

Mi vida sin mí, 2003

A los que aman, 1998

Cosas que nunca te dije, 1996

PREMIOS E FESTIVAIS

Goya 2017 (Mellor filme, dirección e guión adaptado, 12 nominacións), Feroz 2017 (3 nominacións), Gaudí 2017 (Mellor dirección artística e música orixinal, 12 nominacións), Berlín 2018 (Sección oficial), Premios Platino 2018 (Nomeado a mellor filme, dirección, guión e música)

SINOPSE

A finais dos anos 50 Florence Green decide facer realidade un dos seus maiores sonhos: abandonar Londres e abrir unha pequena librería nun pobo da costa británica. Pero para a súa sorpresa, esta decisión desatará todo tipo de reaccións entre os habitantes da localidade.

«De libros e soidades. Este filme fala desas sensacións. E faino cunha linguaxe, uns matices, un ton e unha capacidade de suxestión que me conmoven»

Carlos Boyero, EL PAÍS



“Recoñezo que nunca escollín o camiño doado”

Entrevista con Isabel Coixet

Por Javier Estrada

Que fai que este filme resulte tan moderno a pesar de estar ambientado a mediados do século pasado?

En realidade *A librería* presenta unha historia moi pequena: a de Florence Green, unha viúva que decide saír dunha vida sen sobresalto algún e cumprir un pequeno soño. Este punto de partida, que semella tan pequeno, adquire unha dimensión universal. Cando menos, a min pareceumo cando lin a novela de Fitzgerald. E iso que, cando a descubrín, vin que había no seu interior un compoñente nihilista que me resistía a asumir xa que remataba dun xeito que non permitía albergar esperanza algunha. Xa sei que na vida ás veces as cousas rematan mal. Pero é que a moita xente lle ten pasado algo semellante ao que aquí vemos: comprobar que, ao diferenciarse un pouco da comunidade, de súpeto sentían o odio e as envexas dos seus veciños.

E é por esa loita pola liberdade polo que te sentiches tan conectada coa protagonista desta historia? Ao igual que Gustave Flaubert dicía *Madame Bovary son eu*, por eu digo que *Florence Green son eu*. E iso que me gustaría ser tamén Christine, a nena que a axuda. E,

a veces, o señor Brundish. No seu caso paréceme un tipo que sabe perfectamente que o inferno son os outros. Por iso evita saír do seu tobo de libros.

Como noutras fitas túas, descubrimos uns personaxes capaces de afrontar a derrota con entereza cando lles chega.

Aínda que algúns leven mal os trunfos, o máis doado sempre é afrontar os éxitos. Mais para o que hai que estar preparados é para a derrota. Coido que sobrelevar un fracaso require unha aprendizaxe moi dura. Aceptar que fracasaches en algo conleva un punto de coraxe e mesmo de heroicidade. Para min, unha derrota ten tanta grandeza como un trunfo. E conste que o penso desde que era unha nena...

Experimentaches cousas parecidas ás que vive Florence á hora de tentar facer algo diferente como creadora?

Recoñezo que nunca escollín o camiño doado. É o que ten arriscar ou facer o máis difícil. Con iso suscitas grandes amores e grandes despezos.

E de todo iso quedas con...

Cos apreciados. Aínda que os despezos me doan, como a todos. Pero unha ten que ser coherente. Hai persoas que non están programadas ou preparadas para apreciar calquera cousa. Enpezando por min mesma, que non estou preparada para ver un partido de fútbol ou unha reunión de atletismo. Pero claro, igual que eu me perdo cousas que non me gustan, entendo que outros prefiran o fútbol aos meus filmes.

Sorprenderíache que a túa fita incitase a algún espectador a acudir a unha

librería? Se partes de que non che gusta ler, podes ver *A librería* deixando a un lado o tema dos libros e interpretándoa ao teu xeito. Pero, se che gusta ler, tocar libros e ir á cama con eles estou segura de que a gozarás máis. Tiña medo de que non se entendera que non é só a historia dunha muller que abre unha librería, senón de alguén que quere cumprir un pequeno soño e se atopa cunha comunidade hostil que lle vai complicar a vida. E por que? Porque si, que é o máis perverso do asunto.

É curioso que unha nena sexa o personaxe máis intelixente desta historia.

Hai nenos que nacen tocados por algo. É curioso porque o personaxe de Christine, a moza que axuda a Florence na tenda, está inspirado na filla de Fitzgerald, a autora da novela. Ela viu o filme hai pouco comigo. Cando apareceu Christine na pantalla, mireina con medo e vin como empezaba a chorar sen parar. Foi moi emocionante ver como reaccionaba ante un filme que retrata a historia da súa nai.

Pedícheslle algo especial a Emily Mortimer para que o seu personaxe fose críbel? Emily é unha persoa moi intelixente que le moito. É certo que unha intérprete pode facer de asarina sen ter matado a ninguén pero, se amas os libros, neste caso tes moito gañado. Emily e máis eu traballamos moito os suspiros, os silencios, as miradas.

Publicado en elmundo.es/metropoli
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

La librería, Penelope Fitzgerald
Impedimenta, 2010

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TEL 981 560 250 | www.numax.org



distribucion.numax.org/leon
DIRECCIÓN: Nobuhiro Suwa. GUION: Jean-Pierre Léaud, Pauline Étienne, Maud Wyler, Arthur Harari, Isabelle Weingarten, Noël Samy, Jean-Louis Berard, Françoise Michaud, Louis-Do de Lencquesaing, Jules Langlade. MONTAJE: Nobuhiro Suwa. MÚSICA: Fugue en Mineur (J). DIRECCIÓN DE ARTE: Jean-Pierre Léaud. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Tom Harari. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Florent Klockenbrink, Emmanuel Crosset. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Thomas Grélaud. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Inés De La Bevière. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Martial Salomoni. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Olivier Marguerit. ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Michiko Yoshitake. JERÓNIMO DOPPLER. COORDINADOR: Yuji Sadai. COORDINADOR: Centre National de la Cinématographie et de l'Image Animée. COORDINADOR: Région Provence-Alpes-Côte d'Azur. COORDINADOR: Département des Alpes-Maritimes. COORDINADOR: CNC. COORDINADOR: Agency for Cultural Affairs of the Government of Xapón. COORDINADOR: FILM-IN-EVOLUTION, Les Productions Balhazar, Bitters End. COORDINADOR: NUMAX Distribución. COORDINADOR: CAIMÁN CUADERNOS DE CINE.